



Sen ánimo de polemizarmos e para que sirva de aclaración:

APOIO A BARJA:

A candidatura de Barja a reitor no ano 2003 aparece apoiada por Nova Luce, corrente que agrupa a independentes e organizacións sindicais contrarias ao *meilanismo*.

No ano 2003 o PAS presentou unha candidatura, a CUP, en que se integraban os sindicatos de clase (CIG, UGT, CC.OO.) que apoiamos o nomeamento de Barja ao posto de Reitor con base en:

- O modelo de Universidade que se defendía era un modelo concordante coas propostas sindicais centrado na xestión transparente e participativa (reivindicabamos máis representación do PAS nos órganos de goberno da universidade...).
- O programa recollía aspectos defendidos desde a órbita sindical desde había anos e que, por primeira vez, parecía podían levarse á práctica, (entre eles a profesionalización da xestión, a desprivatización de servizos...).

[Acompáñase candidatura.](#)

Co paso do tempo gran parte daqueles acordos non se concretaron, de modo que quedou un acedo sabor ao comprobarmos que nisto das promesas e dos programas é máis fácil escribilos que cumprilos.

Só cabe, por tanto, mantermos unha postura de submisión (supeditando a actividade sindical a intereses "superiores") ou reivindicarmos e actuarmos na defensa dos intereses dos/das traballadores/as. Está claro que a actividade sindical, desde a toma de posesión de Barja no ano 2003, decaeu sensiblemente (a diferenza de actitudes diante de feitos semellantes está en boca de moitos/as compañeiros/as).

Ao noso entender o mellor xeito de manter a "independencia sindical" é que os sindicatos non teñan, ao mesmo tempo, representación entre os que gobernan e os gobernados. A asunción de determinadas responsabilidades debería comportar a baixa no sindicato (cando menos temporalmente) para que a toma de decisións non involucrasen a propia organización sindical.

Tamén, e dado o incumprimento do programa pactado no ano 2003, no ano 2007 os sindicatos deberían de se abster de apoiar ningún candidato.

[Acompáñase o apoio dos sindicatos nas últimas eleccións \(decembro 2007\) é moi recente aínda para o esquecer.](#)

BOLSAS:

Coñecedores do problema, o noso sindicato vén facendo desde o ano pasado unha recollida de datos sobre todas as bolsas convocadas e as funcións que realizarán as persoas seleccionadas.

Neste caso (bolsas) o noso sindicato ten como criterio o de que na RPT do ano 2009 se transformen en postos de traballo, e que o cómputo da xornada sexa o que determine cantos postos de traballo teñen que ser convocados.

Para fortalecermos a reclamación, e unha vez temos nas nosas mans o ditame da Inspección de Traballo, que considera as bolsas como propias de postos de PAS, realizaremos as denuncias pertinentes pola vía laboral.

É coñecido polos sindicatos que para vehiculizar unha demanda hai que seguir uns pasos. Que saibamos só a CIG, no seu momento, fixo a denuncia diante de Inspección de Traballo. Se tan importante é este problema, **que o é**, o resto de sindicatos debería actuar do mesmo xeito.



Non é que lles queiramos dicir o que teñen que facer pero cremos que as cousas teñen un certo proceso. Todo o mundo na universidade sabe que as bolsas son un problema para o PAS, de modo que se queremos transcender nas denuncias temos que nos dotar de argumentacións legais.

O mesmo ocorre cos **CONTRATOS TIPO LABORA**, na medida en que existen sentenzas que condenan a Universidade isto proporcionáanos un argumento pouco discutible á hora de reclamalas como postos da RPT.

PRIVATIZACIÓN DA INFORMACIÓN TELEFÓNICA

Foi a orixe do envío do comunicado do venres: os sindicatos, por acción ou deixadez, non podemos consentir a privatización (total ou parcial) de ningún servizo.

Por desgraza agora sabemos que non é a primeira vez que isto ocorre, pois en anos anteriores xa se empregou o mesmo método na época de matrícula (non sabemos que ninguén dixese nada).

O feito que tratamos parécenos da suficiente gravidade como para convocarmos unha reunión do Comité de Empresa, cousa que permite o regulamento do propio Comité.

Esta medida afecta ao PAS Laboral e ao PAS Funcionario. Na reunión do Comité da que falamos, formularemos a posibilidade de facermos unha reunión coa Xunta de Persoal para respondermos conxuntamente.

O noso sindicato considera que a información debe proporcionarse desde a propia institución, neste caso o SAPE, LERD xunto cos centros teñen que ser os que transmitan a información que for preceptiva outorgarlle á cidadanía.

Se fai falta, a Universidade ten que se dotar dos traballadores necesarios para o soporte do servizo e de liñas telefónicas gratuítas que posibiliten que esa información chegue sen custo para a persoa que a solicite.



Xunto con estas consideracións ocórrensenos outras preguntas:

Quen se responsabiliza da información que esta empresa transmita?

Os servizos da Universidade poderán desviar as solicitudes de información a este teléfono?

Á parte da protesta formal que lle faremos chegar á Universidade a través da Xerencia poñeremos o asunto en mans da asesoría legal do sindicato para avaliar a demanda pertinente.

RETRASO NOS PROCEDIMENTOS ABERTOS

Participamos das críticas ao retraso co que se están a acometer as cousas por parte da Xerencia, neste sentido significar que o Comité de Empresa solicitou unha reunión co xerente o pasado día 28/04/09 sendo convocado por parte da xerencia para o día 27/05/09, como vedes trascorrido un mes.

Está claro que a présa por negociar o convenio, pactar os temarios, convocar as oposicións, negociar a nova RPT, programar os cursos, etc. só lle afecta á parte que representa aos/as traballadores/as. A universidade non lle parece importante resolver estas situacións.

Transmitiremoslle ese malestar á Universidade.